

**O resultado reflicte a afección derivada da Covid-19**

**EROSKI PECHA O PRIMEIRO SEMESTRE DO EXERCICIO CUN BENEFICIO DE 48 M€**

- **As súas vendas medran un 7,2% no conxunto do grupo ata alcanzar os 2.412 millóns de euros**
- **O grupo creou 1.562 postos de traballo na primeira metade do exercicio**
- **O compromiso para garantir a seguridade en tendas e mais un óptimo servizo ao cliente elevou notablemente o gasto en partidas relacionadas con elementos de protección, reforzo de equipos e limpeza**

**Elorrio, 2 de outubro do 2020.-** O grupo [EROSKI](#) pechou as contas do primeiro semestre do presente exercicio, o 31 de xullo do 2020, cun resultado positivo de 48 millóns de euros.

No seu conxunto, o grupo EROSKI mostra unha cifra de negocio de 2.412 millóns de euros. Esta cifra supón un crecemento do 7,2% en relación ao dato do primeiro semestre do exercicio anterior, e cómpre salientar especialmente o crecemento da actividade alimentaria, onde a incidencia da Covid-19, asociada ao maior atractivo das tendas de proximidade e a súa capilaridade, elevaron as vendas nun 12%. O desempeño da actividade alimentaria compensou a redución de actividade doutras áreas de negocio, como axencias de viaxes e gasoleneiras, afectadas pola restrición da mobilidade derivada da pandemia.

*"As contas son o reflexo dunha situación socialmente excepcional que provocou un mellor desempeño nas vendas, pero asemade xerou un incremento en gastos derivados da necesidade de lle ofrecer o mellor servizo ao cliente, garantindo un contorno seguro",* explicou a directora xeral de Rede Comercial, Rosa Carabel.

Os principais incrementos déronse nas partidas de gasto relacionadas cos equipos de protección, seguridade e limpeza nas tendas e mais no reforzo dos equipos de traballo para ofrecer un óptimo servizo. Neste sentido, o grupo EROSKI rematou o semestre con 1.562 novas incorporacións.

---

**EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA**

**CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



Durante a primeira parte do ano, EROSKI amortizou 40 millóns de euros de débeda financeira, o que supón manter un ritmo de amortización por riba do establecido no acordo de refinanciamento.

O Grupo EROSKI afrontou durante o primeiro semestre a apertura de 37 novas tendas. Concretamente, 4 supermercados propios, 1 Cash and Carry e 32 establecementos franquizados. O investimento realizado durante o período ascendeu a 31,2 millóns de euros.

O grupo conta con máis de 6 millóns de Socios Clientes, titulares de tarxetas EROSKI Club, CAPRABO e FORUM SPORT. Durante o primeiro semestre do ano, EROSKI transferiulles 138 millóns de euros de aforro aos seus Socios Cliente a través de ofertas e promocións cada vez máis personalizadas.

Pola súa banda, a matriz cooperativa EROSKI S. COOP. pechou o primeiro semestre do exercicio cun beneficio de 5,6 millóns de euros. A cifra de vendas alcanzou os 988 millóns de euros e un incremento do 15% con respecto ao primeiro semestre do pasado exercicio.

## **Sobre EROSKI**

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e segundo operador de distribución alimentaria no Norte, concretamente nas rexións de Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco, A Rioxa, Navarra, Aragón, Cataluña e Baleares. Conta cunha rede comercial de 1.645 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash & carry, amais de gasolinerías, ópticas, oficinas de viaxes, tendas de equipamento deportivo e o seu supermercado online. Conta con máis de 6 millóns de Socios Clientes e con máis de 32.000 socios cooperativistas, traballadores e franquizados.

---

### **EROSKI**

Dirección de Comunicación Corporativa  
KRISTIAN PRIETO

Tel: 946 211 214

[comunicacion@eroski.es](mailto:comunicacion@eroski.es)

### **EROSKI – OFICINA DE PRENSA CONSEJEROS DEL NORTE**

JOANA G. LANDAZABAL  
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)